

FONDO LIBROS E AXUDAS DE MATERIAL 2019-2020

Estas instrucións son un resumo do Fondo de Libros subvencionado pola Consellería de Educación e xestionado na Secretaría do IES Leiras Pulpeiro (orde do 3 de maio, publicado no DOG 20-5-2019).

- **QUEN O PODE SOLICITAR:**

- Alumnado que vaia matricularse en calquera dos catro cursos da ESO o vindeiro curso.

- **TIPOS DE AXUDA:**

- 50€ en material: renda per cápita inferior a 5400€.
- Libros:
 - Repartiranse os libros que hai no fondo por orde de renda per cápita ata esgotalos todos. Terá preferencia o alumnado con discapacidade ou situación de tutela da Xunta.
 - Garántense 6 libros se a renda per cápita é inferior a 5400€ e 4 libros se é inferior a 9000€ (se non hai suficientes no fondo, o instituto mercaraos en setembro).
 - Alumnado con NEE recibirá 250€ en lugar dos libros.

- **CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA:**

- Ingresos totais do ano 2017 dividido entre os membros computables.
 - Se presentou declaración da renda, súmanse as casillas 415 e 435.
 - Os membros con discapacidade $\geq 33\%$ ou invalidez permanente contan dobre.

- **CONDICIÓNS:**

- Se recibiu libros do fondo neste curso 2018-19, devolveos en bo estado a final de curso.
- Conservar en bo estado os libros, para poder devolveos ó rematar o curso 2019-2020.

- **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

- Prazo: **ata o 21 de xuño**, incluído.
- Lugar:
 - Preferiblemente por vía electrónica con chave365 ou DNle (<https://sede.xunta.gal>, procedemento ED330B, ou ben <https://www.edu.xunta.es/fondolibros>).
 - Opcionamente, no centro onde se vaia matricular no seguinte curso (2019-20) ou calquera rexistro oficial.

- **DOCUMENTACIÓN:**

- Libro de familia con todos os membros.
- Calquera certificado que acredite discapacidade ou outras alegacións.

- **DÚBIDAS FRECUENTES:**

- Se vai repetir curso, pode quedarse cos libros? **NON**. Ten que presentar a solicitude antes do 21 de xuño e devolver os libros deste curso. En setembro recibiraos de novo.
- Se ten exames de setembro, pode presentar a solicitude en setembro? **NON**. O prazo remata o 21 de xuño.
- Se se matricula en setembro, pode presentar a solicitude en setembro? **NON**. Unica e excepcionalmente para os que repitan 4ºESO.